Resolución do 27 de xuño de 2005, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2005-2006.

O Decreto 239/1995, do 28 de xullo (DOG do 16 de agosto), establece para a Comunidade Autónoma de Galicia a ordenación xeral das ensinanzas de formación profesional e as directrices sobre os seus títulos, define a estrutura común da ordenación académica dos títulos profesionais e establece as finalidades do módulo de formación en centros de traballo. No artigo 17 deste decreto establécense os criterios para a avaliación do alumnado que cursa un ciclo formativo (concretamente, para o módulo de FCT) e indícase tamén que a superación dun ciclo formativo requirirá a avaliación positiva en todos e en cada un dos módulos profesionais que o compoñan.

O Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto) polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e a Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, establecen a organización e o funcionamento dos institutos de educación secundaria.

Os procedementos de acceso e admisión a ciclos formativos están regulados para a Comunidade Autónoma de Galicia pola Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio), que regula o procedemento para a admisión do alumnado no bacharelato e nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao medio en centros sostidos con fondos públicos, e pola Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril), que regula a admisión de alumnado nos ciclos formativos de formación profesional específica de grao superior en centros sostidos con fondos públicos.

Pola Orde do 24 de maio de 2005 regúlase o desenvolvemento de estadías formativas en empresas ou institucións situadas fóra do Estado español destinadas ao alumnado que cursa ensinanzas non universitarias en centros autorizados da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o desenvolvemento de estadías de formación práctica en empresas ou institucións situadas en Galicia, destinadas ao alumnado procedente doutros Estados (DOG do 13 de xuño de 2005).

A Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo), pola que se regula o desenvolvemento en réxime ordinario e de persoas adultas dos ciclos formativos de formación profesional específica, recolle a experiencia da implantación anticipada destas ensinanzas e establece o marco normativo no que se desenvolverán os ciclos formativos de formación profesional específica, en réxime ordinario ou para as persoas adultas, posibilitando a oferta de forma parcial dos ciclos formativos. Así mesmo, a Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro) regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia. Estas dúas ordes autorizan a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións que sexan precisas para o desenvolvemento e a aplicación do previsto nelas e, na súa virtude, esta dirección xeral,

RESOLVE:

I. Funcionamento xeral dos ciclos formativos.

Primeiro.-Obxecto e ámbito de aplicación.

Esta resolución ten por obxecto ditar instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional específica no curso 2005-2006 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Admisión e matrícula. Formalización de libros de escolaridade.

1. A matrícula realizarase para todo o ciclo formativo segundo os prazos establecidos na Resolución do 13 de abril de 2005 (DOG do 21 de abril), pola que se ditan instrucións sobre o acceso e a admisión aos ciclos formativos de formación profesional específica para o curso 2005-2006.

2. O alumnado que voluntariamente cause baixa nun ciclo formativo e solicite o acceso no mesmo centro a un ciclo formativo do mesmo réxime de ensinanzas deberase someter ao procedemento para a admisión regulado pola Orde do 24 de abril de 2000 (DOG do 30 de maio) e pola Orde do 12 de abril de 2002 (DOG do 29 de abril), agás no caso de matricularse só do módulo de formación en centros de traballo (FCT).

3. A matrícula en ciclos formativos polo réxime ordinario non poderá ser compatible coa matrícula en calquera ensinanza do mesmo réxime. Só no caso de ciclos formativos de réxime diferente e compatibilidade horaria do 90% será posible realizar a matrícula simultánea en dous ciclos formativos, coa autorización do Servizo de Inspección Educativa.

4. A formalización da matrícula en ciclos formativos do alumnado repetidor ou procedente de renuncia non precisa reiniciar o proceso de admisión recollido na Orde do 12 de abril de 2002 e na Orde do 24 de abril de 2000. O alumnado que cause baixa nun ciclo formativo deberá realizar o proceso de admisión para continuar os estudos no ciclo formativo.

5. O alumnado que esgotase as dúas matrículas ás que se ten dereito polo réxime ordinario e non conseguise titularse por non superar todos os módulos deberá rematar os seus estudos polo réxime de persoas adultas. No caso de non estar implantado neste réxime o ciclo que se estea a estudar no centro, deberase solicitar ante a dirección, se se desexa, a autorización dunha matrícula excepcional para poder rematar os estudos. A dirección do centro deberá tramitar a dita solicitude, xunto cos informes da titoría e da dirección do centro sobre a procedencia ou non da matrícula, no Servizo de Inspección

Educativa, quen lle deberá comunicar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a procedencia ou non da concesión desa autorización.

6. Os alumnos con titulacións obtidas fóra do Estado español que non presentasen a credencial de homologación de estudos expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia, para o seu acceso aos ciclos formativos de formación profesional específica, deberán presentala no centro educativo onde obtivesen praza, antes da avaliación final ordinaria de módulos do primeiro ano. En caso contrario, o centro requiriralles a dita credencial aos alumnos e informaraos de que, de non presentala antes desta avaliación, quedará sen efecto a súa matrícula.

Terceiro.-Traslado de matrícula.

1. Cando o alumno se traslade a outro centro antes da conclusión do ciclo formativo, o centro de orixe, a través do Servizo de Inspección Educativa correspondente, remitirá ao de destino, ademais do expediente académico, o informe de avaliación individualizado en que deberán constar, de xeito claro, os módulos que están en primeira ou en segunda matrícula, así como os tipos de avaliación (ordinaria ou extraordinaria) a que fosen sometidos os módulos non superados, incluíndo as cualificacións parciais ou valoracións da aprendizaxe, segundo os trimestres en que se organiza a avaliación, outorgadas ata ese momento ao alumno, así como as medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular tomadas, elaborado polo titor do ciclo formativo a partir dos datos facilitados polo profesorado e, de ser o caso, o libro de cualificacións.

2. O proceso que deben seguir o alumnado e os centros será o seguinte:

1º O alumno solicita o traslado no centro en que estea matriculado, indicando con claridade as razóns que xustificarían a súa aceptación.

2º O centro traslada esta solicitude ao Servizo de Inspección Educativa, xunto cunha certificación académica e o informe de avaliación individualizado.

3º O Servizo de Inspección Educativa, unha vez comprobada a existencia de vacantes e valoradas as razóns que alega a persoa solicitante, resolverá sobre a solicitude.

4º No caso de traslado a outra provincia, o Servizo de Inspección Educativa será o encargado de trasladar a solicitude á provincia do centro solicitado.

3. Ao alumnado que iniciase os estudos en administracións educativas nas cales a programación dos módulos estea secuenciada en períodos educativos diferentes aos da Comunidade Autónoma de Galicia confeccionáraselle un horario o máis favorable posible, dentro das posibilidades horarias do centro, logo de informe do Servizo de Inspección Educativa, por solicitude da persoa interesada ante a dirección do centro. Así mesmo, o centro informará o alumno dos módulos que teña pendentes de cursar para a obtención do título e a súa secuencia, mesmo dos módulos que deba ter superados antes da realización do módulo de formación en centros de traballo, de ser o caso.

Cuarto.-Constitución de grupos. Número de alumnos por grupo.

1. Para cada ciclo formativo constituirase, con carácter xeral, un único grupo por centro educativo. Para poder ampliar a oferta e organizar máis dun grupo de alumnos cumprirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

2. O número máximo de alumnos por grupo será de 30, agás nos ciclos formativos que se relacionan no anexo VIII, que será de 22. Para estes efectos non se contabilizará o alumnado repetidor.

3. A impartición destas ensinanzas cun número menor de alumnos exixirá autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, tras un informe do Servizo de Inspección Educativa, e non se poderá, no entanto, formalizar matrícula ningunha. Esta condición do número mínimo de alumnos debe ser posta en coñecemento das persoas interesadas no momento da súa preinscrición.

4. A formalización da matrícula nos centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quedará condicionada a que haxa un número mínimo de dez persoas admitidas para cada un dos ciclos formativos.

Quinto.-Horario do ciclo formativo.

1. A distribución trimestral dos módulos que constitúen o ciclo formativo e o seu número de horas serán os que se indican no anexo VII desta resolución, no que tamén se reflicte, para os centros sostidos con fondos públicos, o número de sesións semanais que corresponde no caso de organización horaria en sesións de 50 minutos.

2. Aqueles centros que establezan no seu proxecto curricular unha modalidade horaria especial, con base nas súas características específicas ou polas dos ciclos que imparten, deberano solicitar á delegación provincial correspondente, que, tras un informe do Servizo de Inspección Educativa, resolverá o que proceda respectando, en todo caso, a distribución trimestral e o número de horas totais dos módulos que aparecen no anexo VII desta resolución.

3. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar outras modalidades horarias diferentes, adecuadas ás singulares características de colectivos concretos.

4. Coa finalidade de que se poida verificar o cumprimento do horario mínimo establecido para cada un dos módulos de cada ciclo, a dirección do centro remitirá ao Servizo de Inspección Educativa antes do 20 de outubro un calendario no que vaian especificados os días lectivos de formación no centro educativo, xunto co horario semanal do grupo incluído no documento, segundo o establecido no proxecto curricular do centro.

Sexto.-Horario do profesorado de centros públicos.

Cando as características horarias dos módulos para os que o profesorado de cada departamento ten atribución docente non permiten completar, na asignación inicial de módulos, o horario lectivo legalmente establecido, as horas que falten deberanse dedicar a outras actividades lectivas, tales como impartición de materias afíns doutros departamentos, actividades de reforzo ou recuperación do alumnado do propio departamento, apoio á docencia noutros niveis, ou participación nalgún proxecto docente ou complementario incluído na programación xeral do centro, realización da titoría do módulo de formación en centros de traballo e/ou colaboración na súa coordinación e no seu desenvolvemento.

Sétimo.-Profesorado de centros públicos.

1. Cada módulo profesional dun ciclo formativo constitúe unha unidade de oferta formativa e, xa que logo, será impartido, con carácter xeral, por un só profesor, con excepción daqueles en que se recolla a colaboración dun profesor especialista, a teor do establecido no artigo 33.2º da Lei 1/1990, os que se realicen pola modalidade de oferta parcial e, se procede, o de formación en centros de traballo.

2. A composición do equipo docente dun ciclo formativo deberá ser a necesaria en función dos módulos que compoñan o ciclo, a proporción e o número de grupos. En todo caso, esta composición será o máis reducida posible, co fin de facilitar a cohesión e a coordinación deste.

3. Igualmente, deberase garantir a coordinación entre os equipos docentes que imparten ciclos formativos correspondentes á mesma familia profesional e entre os que imparten módulos profesionais que son transversais a diferentes ciclos formativos dunha ou varias familias profesionais.

4. Mentres que o alumnado do ciclo formativo estea realizando o módulo profesional de formación en centros de traballo, a xefatura de estudos, co apoio do titor do ciclo formativo e do xefe do departamento, elaborará o novo horario do profesorado que resulte coas horas vacantes, que lle dará a coñecer ao profesorado e, de ser o caso, aos pais ou titores legais. Durante este período, o profesorado con atribución docente no ciclo ou no módulo realizará, entre outras, as seguintes actividades:

a) Impartición e avaliación de actividades de recuperación ao alumnado que teña pendente de superar algún módulo profesional. Para tal fin, a xefatura de estudos, co apoio do titor do ciclo formativo, elaborará o novo horario do profesorado que resulte con horas vacantes.

b) Elaboración de propostas de modificación e actualización permanente do proxecto curricular do ciclo. Esta actividade implicará un so profesor do departamento, que a desenvolverá en non máis de tres horas semanais do seu horario individual, sempre baixo a coordinación e o seguimento do xefe do seu departamento.

c) Apoio naqueles módulos con alumnos repetidores, pertencentes a ciclos formativos da mesma familia profesional, para os que se teña atribución docente, segundo figura nos decretos que regulan os correspondentes ciclos.

d) Apoio aos programas de garantía social (PGS) ou programas de iniciación profesional (PIP), e ás materias de iniciación profesional ofrecidas na ESO pertencentes á mesma familia profesional do ciclo do que o profesor libere horas lectivas.

e) Impartición de actividades de formación profesional ocupacional e formación profesional continua, no caso en que estean autorizadas no centro educativo.

f) Apoio á titoría de ciclos formativos e á coordinación e o seguimento da FCT.

g) Realización voluntaria de operacións programadas polo departamento para a mellora das instalacións onde se imparta o ciclo formativo.

h) Participación nas actividades de actualización e formación que convoque a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

i) Outras que a dirección do centro lle encomende.

En calquera caso, a permanencia obrigatoria en horario fixo no centro do profesorado afectado polo cambio de horario será de 23 horas semanais, e a súa permanencia mínima diaria no centro non será inferior ás tres horas, en cumprimento dos artigos 79 e 81, respectivamente, da Orde do 1 de agosto de 1997.

A proposta do novo horario enviarase, para a súa aprobación definitiva, ao servizo correspondente de inspección educativa, despois de finalizada a avaliación ordinaria previa á realización da FCT, no prazo de cinco días.

Oitavo.-Titoría de ciclos.

1. En cada sesión de avaliación, o equipo docente do ciclo formativo estará formado polo titor do grupo, e o profesorado que impartiu a docencia nos distintos módulos durante ese período avaliativo.

2. A redución horaria para as persoas responsables da titoría de ciclos formativos, establecida no artigo 84 da Orde do 1 de agosto de 1997, será de ata tres horas semanais para todo o ciclo formativo e aplicarase toda a redución no segundo ano. Nos ciclos formativos de ata 1.400 horas, unha vez rematada a FCT, a dirección do centro reasignará estas horas para actividades lectivas ou complementarias, en función das necesidades do centro.

Noveno.-Alumnado repetidor (segunda matrícula).

1. O alumnado que teña módulos pendentes logo da avaliación final extraordinaria de módulos deberá repetir todas as actividades programadas para o módulo ou os módulos pendentes de superación formalizando unha segunda matrícula, segundo se establece no artigo 12 da Orde do 16 de xullo de 2002. No caso de ciclos de dous anos de duración, pódense presentar diferentes casos, que implican un trata-

mento diferente en canto ao agrupamento para a asistencia ás clases e ás datas de avaliación.

1.1. Se os módulos pendentes corresponden ao mesmo período educativo, primeiro ano ou segundo ano do ciclo formativo, este alumnado incorporarase directamente, para todos os efectos, co alumnado do ano correspondente. A sesión de avaliación previa á FCT será na mesma data que a avaliación final ordinaria dos módulos cursados (decembro ou marzo para os de segundo ano, ou xuño para os de primeiro ano).

1.2. Se os módulos pendentes son de períodos educativos diferentes, pódense dar os seguintes casos:

a) Que exista compatibilidade horaria no mesmo período lectivo:

-Neste caso, o alumnado cursará os módulos de cada ano nos correspondentes ciclos formativos que estean en funcionamento e será avaliado en acta independente (a finais de decembro ou marzo dos módulos do segundo ano, e a finais de xuño dos módulos do primeiro ano).

-A sesión de avaliación ordinaria previa á FCT realizarase sempre, para este alumnado, no mes de xuño.

b) Con incompatibilidade horaria nun só módulo pendente do primeiro ano pódense dar dous casos:

-Que o módulo coincidente de primeiro ano non exceda as 90 horas: o alumnado poderá optar por cursar simultaneamente os módulos pendentes en que se dá compatibilidade horaria e realizar a formación do módulo pendente de primeiro ano, que ten incompatibilidade horaria, durante o terceiro trimestre (abril-xuño) nos ciclos con FCT dun trimestre, ou no segundo e terceiro trimestre (decembro-xuño) nos ciclos con FCT de dous trimestres. Estes alumnos avaliaranse en acta especial de repetidores dos módulos de segundo no mes de decembro ou marzo, e dos módulos de primeiro no mes de xuño. Deseguido realizarase a avaliación previa á FCT.

-Que o módulo coincidente de primeiro exceda as 90 horas: neste caso os alumnos cursarán o ciclo formativo ano a ano.

c) Con incompatibilidade horaria e máis dun módulo pendente:

Neste caso, o alumnado cursará o ciclo formativo ano a ano, co resto do alumnado ordinario que se incorpora a un ciclo novo.

2. Entenderase por incompatibilidade horaria entre dous ou máis módulos a coincidencia horaria en, cando menos, o 10% do horario dalgún deles. En ningún caso a suma das horas dos módulos para cursar superará as 960 horas por curso académico.

3. Para os efectos de sesión de avaliación e xestión administrativa de alumnos, os repetidores de ciclo figurarán nunha acta específica (modelo do anexo I (a), da Orde do 16 de xullo de 2002), indicando no cadro nomeado matrícula as palabras segunda (repetidores).

4. Nas actas de avaliación do alumnado de segunda matrícula deben figurar todos os módulos, mesmo os xa superados nunha primeira matrícula, que se consignarán coas iniciais AM.

Décimo.-Perda do dereito á avaliación continua.

1. O centro deberalle comunicar formalmente ao alumnado a perda do dereito á avaliación continua cando se dean as circunstancias establecidas no artigo 3.3º da Orde do 16 de xullo de 2002, facendo constar que poderá reclamar á dirección do centro e indicando de xeito expreso os prazos para o facer.

2. No caso de perda do dereito á avaliación continua o alumnado ten dereito á avaliación final do módulo, segundo se establece no artigo 4.2º da Orde de 16 de xullo de 2002 que regula as avaliacións.

3. Para este caso cómpre establecer no proxecto curricular do ciclo (PCC) de cada un dos módulos o procedemento de avaliación ordinaria non continua, de xeito que o alumnado se deberá someter a el para a súa avaliación.

Décimo primeiro.-Avaliación.

1. O desenvolvemento do proceso de avaliación de ciclos formativos, descrito no punto III da Orde do 16 de xullo de 2002, axustarase, no posible, ao calendario de sesións de avaliacións ordinarias e extraordinarias.

2. Sempre que o horario do centro o permita e exista compatibilidade horaria, o alumnado con módulos validados poderá simultanear a docencia de módulos programados en períodos educativos diferentes, non excedendo as 960 horas fixadas para cada curso académico.

Décimo segundo.-Rexistros nas actas de avaliación.

1. Nas actas de avaliación parcial de módulos, a perda do dereito á avaliación continua consignarase coas iniciais PD.

2. Nas actas de avaliación parcial e final, os módulos non avaliados na sesión consignaranse, segundo os períodos lectivos aos que correspondan, coas iniciais seguintes:

Pendente de avaliación PA.

Avaliado anteriormente AA.

3. Nas actas de avaliación final extraordinaria de módulos, os aprobados en convocatoria anterior consignaranse coas iniciais AC.

4. Na avaliación dos alumnos repetidores, os módulos aprobados nunha matrícula anterior consignaranse nas actas de avaliación coas iniciais AM.

5. En todas as actas de avaliación, os módulos que como resultado do proceso de validación ou correspondencia coa práctica laboral obtivesen resolución positiva consignaranse respectivamente coas seguintes iniciais:

Exento EX.

Validado VA.

6. No caso de que a FCT, recollida no calendario e plan de visitas, supere a duración dun ou de dous trimestres, en función do ciclo, o alumnado implicado cualificarase na acta do grupo ao que pertence con PA. Unha vez rematada a FCT, consignarase a súa cualificación nunha acta á parte e a súa proposta de título realizarase na proposta inmediata seguinte que corresponda segundo o calendario delas.

Décimo terceiro.-Actividades de recuperación.

Consonte o establecido no artigo 11 da Orde do 16 de xullo de 2002, nas actividades de recuperación programadas para os módulos poderán recollerse os seguintes casos:

A) Primeira matrícula.

1. Os labores de recuperación do alumnado con módulos pendentes que non acceda á FCT serán asumidos polo profesorado que libere horario docente durante este período. O desenvolvemento destas actividades de recuperación asignaráselle a cada profesor en función da súa especialidade docente, da organización do departamento e da reestruturación do horario para este período. O novo horario elaborado comunicaráselle expresamente ao Servizo de Inspección Educativa no prazo de cinco días, despois da avaliación previa á FCT.

2. As actividades de recuperación e avaliación de módulos pendentes, despois de rematado o período docente ordinario destinado a cada ciclo, realizaranse segundo os casos seguintes:

a) Nos ciclos de 1.300, 1.400 ou 1.700 horas.

-O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT abranguerá desde o 1 de setembro ata, como mínimo, o 20 de outubro.

-A dirección do centro habilitará o horario do profesorado necesario para desenvolver as actividades de recuperación establecidas para este alumnado na sesión de avaliación previa á FCT.

-A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos celebrarase entre os días 20 e 29 de outubro.

b) Nos ciclos de 2.000 horas, cun período de FCT dun trimestre de duración.

-O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT por ter módulos pendentes, tanto do primeiro como do segundo ano, abranguerá desde a data da avaliación previa á FCT do mes de marzo ata o 15 de xuño.

-A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos realizarase nas mesmas datas que a avaliación final ordinaria do ciclo formativo.

c) Nos ciclos de 2.000 horas, cun período de FCT de dous trimestres de duración.

O período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT por ter módulos pendentes, tanto do primeiro como do segundo ano, abranguerá desde a data da avaliación previa á FCT do mes de decembro ata o 15 de xuño.

3. A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos realizarase nas mesmas datas que a avaliación final ordinaria do ciclo formativo.

B) Segunda matrícula.

1. Nos ciclos formativos de 2.000 horas con FCT menor ou igual de 420 horas, o período destinado ás actividades de recuperación para o alumnado que non acceda á FCT, por ter módulos de primeiro pendentes, abranguerá desde o 1 de setembro ata, como mínimo, o 20 de outubro.

2. A dirección do centro habilitará o horario do profesorado necesario para desenvolver as actividades de recuperación establecidas para este alumnado na sesión de avaliación previa á FCT.

3. A sesión de avaliación final extraordinaria destes módulos celebrarase entre os días 20 e 29 de outubro.

Décimo cuarto.-Validacións e correspondencias.

1. Aquelas validacións previstas no artigo 18.4º da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), das que o centro non sexa competente para a súa resolución, deberán ser remitidas polo centro educativo á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais antes do día 2 de decembro de 2005, para os efectos da súa tramitación ante o Ministerio de Educación e Ciencia.

2. O alumnado que, seguindo o procedemento establecido no punto V da Orde do 16 de xullo de 2002, estea pendente de validación nalgún módulo, deberá asistir ás clases e ser avaliado nestes módulos ata que a validación se faga efectiva. Se a confirmación da validación é posterior ás avaliacións finais, deberanse facer as dilixencias oportunas de modificación da cualificación en todos os documentos oficiais: actas, expedientes e libros.

3. O alumnado que, segundo o establecido no artigo 20 da Orde do 16 de xullo de 2002, solicite exención do módulo de FCT pola súa correspondencia coa práctica laboral, presentará a certificación da empresa establecida na alínea b) do dito artigo, segundo o modelo do anexo IX desta resolución.

Décimo quinto.-Renuncias á matrícula.

1. A renuncia á matrícula do ciclo, que está regulada procedementalmente polo artigo 6 da Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo), é de aplicación á renuncia do módulo da FCT, unha vez superados os módulos de formación no centro educativo.

2. A renuncia á matrícula do ciclo afectará exclusivamente todos os módulos pendentes de avaliación final, e en ningún caso se farán renuncias por módulos.

3. Naqueles módulos que fosen obxecto de avaliación final (ordinaria e/ou extraordinaria), computaranse as correspondentes convocatorias como xa consumidas, para os efectos das limitacións establecidas no artigo 4.1º da Orde do 31 de maio de 1999 (DOG do 1 de xullo, con corrección de erros no DOG do 23 de xullo).

4. A renuncia á matrícula dun ciclo formativo é incompatible coa matrícula noutro ciclo formativo do mesmo réxime de ensinanzas, considerando os réximes establecidos no artigo 3 da Orde do 31 de maio de 1999. A incorporación a outros estudos, de ser o caso, implica a necesidade de causar baixa no ciclo que se estea a realizar e de someterse a un novo proceso de admisión.

5. Para non perder a convocatoria, a solicitude de renuncia débese presentar cunha antelación mínima de dous meses con respecto á avaliación final ordinaria dos módulos correspondentes.

Décimo sexto.-Títulos.

As sesións de avaliación final extraordinaria de ciclo e as propostas de títulos realizaranse tres veces por ano, ao final de cada trimestre lectivo: xuño, decembro e marzo.

Décimo sétimo.-Módulo profesional de segunda lingua estranxeira.

1. Os centros realizarán a oferta do módulo profesional de segunda lingua estranxeira para os ciclos formativos en que así se establece no anexo VII desta resolución, consonte os recursos dispoñibles, de entre os seguintes: alemán, francés, italiano e portugués.

2. En todo caso, a lingua que se imparta será a mesma para todo o alumnado do grupo.

Décimo oitavo.-Módulo profesional de proxecto integrado (PI).

1. Este módulo será impartido con carácter globalizador de todas as ensinanzas que constitúen o ciclo formativo.

2. O módulo de proxecto integrado será impartido unicamente por profesorado que imparta clase no ciclo formativo ou que teña atribución docente nel.

3. A programación deste módulo será elaborada polo profesor encargado del e deberá ser aprobada polo equipo docente do ciclo, que supervisará a súa impartición.

4. O módulo de proxecto integrado ha contribuír de xeito específico ao logro das seguintes finalidades:

-Comprender globalmente aspectos sobresalientes da competencia profesional característica do título que se abordasen noutros módulos profesionais do ciclo formativo.

-Integrar ordenadamente distintos coñecementos sobre organización, características, condicións, tipoloxías, técnicas e procesos que se desenvolvan nas diferentes actividades produtivas do sector ao que corresponde o título.

-Adquirir, de ser o caso, coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que favorezan o desenvolvemento daquelas capacidades relacionadas coa profesión para a que se forma que, aínda sendo demandadas polo contorno produtivo en que radica o centro, non se poidan recoller no resto de módulos profesionais.

5. O proxecto integrado desenvolverase tomando como referencia un proceso produtivo, real ou simulado, e debe cumprir o seguinte:

-Analizar a relación e a contribución das distintas etapas da organización, a programación e o control dun proceso.

-Determinar as especificacións do proceso produtivo dun artigo (materia prima, medio produtivo, método operativo, etc.) e os métodos que aseguren a calidade, a partir das especificacións dun deseño, dun pedido, de obxectivos de calidade, dos recursos dispoñibles e de catálogos comerciais de materiais.

-Determinar a viabilidade das especificacións do proceso de produción e, se cumprir, as medidas correctoras a partir da elaboración e a avaliación do prototipo.

-Determinar a cantidade de recursos, o nivel óptimo de existencias, os sistemas de traballo e de control da produción máis adecuada e a organización das liñas de produción, aprovisionamento e mantemento preventivo dos recursos, así como as fases produtivas necesarias para a produción, en función dos recursos dispoñibles, do volume do pedido, da súa variedade e dos prazos establecidos.

-Determinar as medidas correctoras que se deben tomar e a súa viabilidade no hipotético proceso de produción, para garantir as condicións de produción establecidas, considerando as posibles anomalías, incidencias ou desviacións simuladas.

6. Este módulo forma parte do currículo dos ciclos formativos de grao superior que se indica no anexo VII desta resolución. A avaliación farase de xeito individual por cada alumno e tomando como referencia as capacidades terminais elementais que se indican no módulo.

II. Módulo de formación en centros de traballo (FCT).

Décimo noveno.-Definición e finalidades.

1. O módulo profesional de formación en centros de traballo (en diante FCT) é un bloque coherente de formación específica no cal os obxectivos están constituídos por un conxunto de capacidades terminais elementais; estas orientan as actividades formativas de referencia que constitúen os contidos que o alumnado debe realizar nun centro de traballo. Este módulo ten carácter obrigatorio en todos os ciclos formativos e desenvolverase procurando aplicar as competencias profesionais adquiridas no centro educativo complementándoas con aquelas previamente identificadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.

2. A característica máis relevante do módulo de FCT é que se desenvolve nun ámbito produtivo real, onde o alumnado poderá observar e desempeñar as funcións propias das distintas ocupacións relativas a unha profesión, coñecer a organización dos procesos produtivos ou de servizos e as relacións sociolaborais na empresa ou no centro de traballo, coa orientación e a asesoría permanente dos responsa-

bles do seguimento e da avaliación das súas actividades.

3. O módulo profesional da FCT, de acordo co establecido no artigo 7.3º do Decreto 239/1995, está encamiñado de xeito específico ao logro das seguintes finalidades:

a) Complementar a adquisición polo alumnado da competencia profesional conseguida no centro educativo, mediante a realización dun conxunto de actividades de formación previamente identificadas e delimitadas entre as actividades produtivas do centro de traballo.

b) Contribuír ao logro do conxunto de finalidades descritas para a formación profesional no artigo 2 do referido decreto.

c) Avaliar os aspectos máis salientables da competencia profesional adquirida polo alumnado.

4. A duración da FCT será a que se establece no anexo VII para cada ciclo formativo.

5. O período de FCT constitúe unha parte obrigatoria dos currículos dos ciclos. Consecuentemente, a súa realización non dá dereito á percepción por parte do alumnado de compensación económica ningunha distinta das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral.

Vixésimo.-Xestión do módulo de FCT.

1. Na xestión do módulo de FCT son obrigatorios os seguintes documentos:

a) Convenio específico que recolla a relación do alumnado por cada centro de traballo. Asinarase un convenio por cada tipo de ensino, utilizando o modelo que aparece como anexo I desta resolución.

b) Carpeta de seguimento e avaliación da FCT: documentos individualizados para cada alumno emitidos polo programa FCT-Xade, que comprenden a ficha de identificación, o plan individualizado de FCT (anexo II), as follas semanais de seguimento das actividades realizadas (anexo III) e a dilixencia de pechamento.

2. Os centros están obrigados a subministrar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais canta información lles sexa requirida, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos, relativa ao desenvolvemento do módulo de FCT por parte do seu alumnado que curse ciclos formativos de formación profesional e programas de garantía social e/ou programas de iniciación profesional.

3. A xestión dos documentos e dos datos relativos ao desenvolvemento do módulo de FCT deberase levar a cabo mediante a utilización da aplicación informática FCT-Xade, subministrada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que será a única aplicación oficial de asistencia aos centros na xestión do módulo. Non se admitirá a utilización doutras aplicacións informáticas para a emisión de documentos nin para a subministración de datos.

4. Os centros educativos comezarán a carga dos datos relativos ao alumnado e ás empresas antes da data prevista para o inicio da realización do módulo de formación en centros de traballo, utilizando a aplicación informática antes mencionada.

Vixésimo primeiro.-Convenios.

1. Os centros educativos que imparten ciclos formativos de formación profesional específica na Comunidade Autónoma de Galicia subscribirán convenios con centros de traballo pertencentes a empresas, agrupacións ou asociacións de empresas, institucións públicas ou organismos que teñan por finalidade a acollida dun alumno, ou dun grupo deles, para a realización dun programa formativo que desenvolva adecuadamente o currículo do módulo de FCT, de acordo co perfil profesional que debe lograr o alumnado, segundo establece o real decreto de ensinanzas mínimas de cada título profesional e o currículo correspondente.

2. O centro educativo, co obxecto de asinar os convenios específicos, iniciará contactos coas entidades colaboradoras con suficiente antelación á data prevista para o inicio do desenvolvemento do módulo de FCT. Os convenios asinaranse unha vez celebrada a sesión de avaliación previa á realización da FCT.

3. Os convenios específicos de colaboración para a realización das actividades de formación en centros de traballo deberanse formalizar por escrito, segundo modelo que figura como anexo I desta resolución e que emite a aplicación FCT-Xade. Serán asinados polo director do centro e pola persoa que represente legalmente o centro de traballo da empresa ou institución colaboradora. Asinarase un convenio por cada tipo de ensino. Estes convenios identificarán o alumnado que acollerá a entidade colaboradora asinante.

4. A duración destes convenios específicos de colaboración será a prevista para o período de desenvolvemento do módulo de FCT, que se considerará improrrogable.

5. Os convenios asinados polos centros deberán ser identificados mediante un código que estará integrado por 21 díxitos: os oito primeiros corresponderán ao código identificativo do centro; os sete seguintes identificarán o ensino; os tres seguintes identificarán o centro de traballo, para o que se poderá utilizar a codificación empregada anteriormente no centro para identificar os centros de traballo; os tres últimos identificarán a orde correlativa dos convenios asinados polo centro educativo con ese centro de traballo. Cada grupo de díxitos será separado mediante un guión.

6. Por tratarse dun módulo de impartición e superación obrigatoria e para garantir a obxectividade na súa avaliación, non se asinarán convenios específicos de colaboración para o desenvolvemento da FCT en centros de traballo nos cales o empresario, a persoa responsable ou o titor manteñan relacións de familiaridade, ata o terceiro grao, con algún alumno que se designase para eses centros.

7. Os centros educativos non poden ter consideración de empresa para a realización da FCT, agás casos excepcionais debidamente xustificados, logo do informe do Servizo de Inspección Educativa e autorizados expresamente pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

8. Os convenios específicos de colaboración poderán ser rescindidos por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que lle será comunicada á outra cunha antelación mínima de cinco días e baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades dalgunha das partes asinantes do convenio.

b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.

c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.

d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado polo director, e o centro de traballo da empresa ou institución colaboradora.

9. Poderase excluír do convenio e, de ser o caso, da realización da FCT na correspondente convocatoria un alumno, ou un grupo deles, nos seguintes casos:

a) Faltas de asistencia, consonte o artigo 3.3º da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro).

b) Actitude incorrecta atendendo ao código disciplinario da empresa ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia ao alumno.

Vixésimo segundo.-Programación da formación en centros de traballo.

1. O módulo de FCT exixe a elaboración dun plan individualizado de FCT (anexo II), que consiste no conxunto de actividades formativo-produtivas, ordenadas no tempo e no espazo, que debe realizar o alumnado durante as horas establecidas para tal fin no centro de traballo. Estas actividades, inspiradas polas unidades de competencia do perfil do título, serán o complemento final para conseguir a competencia profesional característica do título e proporcionarán as situacións de avaliación necesarias para a acreditación desa competencia expresada nas capacidades terminais elementais do módulo de FCT.

2. Agás en sectores produtivos ou de servizos altamente homoxéneos, centros de traballo diferentes requiren plans individualizados de FCT diferentes como medio para garantir que o módulo profesional que o alumnado desenvolva no centro de traballo se poida cumprir e avaliar.

3. En zonas ou sectores onde se constate que o posto formativo ofrecido por un centro de traballo sexa insuficiente para conseguir todas as capacidades terminais da FCT, o profesor-titor e o coordinador da FCT, de ser o caso, realizarán a selección de centros de traballo que constitúen o plan individualizado de FCT, debendo ser un máximo de dous centros de traballo. No caso de que o alumnado desenvolva a FCT en máis dun centro de traballo cubrirase un exemplar dos anexos I e II para cada un deles. Se fose necesaria a realización da FCT excedendo o límite de centros de traballo establecido nesta resolución solicitaráselle autorización ao Servizo de Inspección Educativa, segundo o modelo do anexo IV desta resolución, en que se incluirá a xustificación razoada, o calendario e o horario proposto, engadindo copia dos anexos I e II. O inspector comunicaralle ao centro a correspondente resolución pola que se autoriza ou rexeita a proposta antes do inicio do período previsto para a realización da FCT.

4. Naquelas familias profesionais nas cales o horario produtivo dunha empresa non sexa suficiente para completar o número total de horas no período establecido para a súa realización, poderanse simultanear varias empresas para complementar as actividades programadas. En todo caso, o horario semanal que o alumnado realice no conxunto de todas as empresas non deberá superar a xornada laboral legalmente establecida.

5. O plan individualizado de FCT constará dos seguintes elementos:

a) Capacidades terminais elementais da FCT establecidas no currículo do ciclo formativo ou, de ser o caso, as capacidades terminais do módulo de FCT definidas no documento base do título.

b) Actividades formativas tomadas das de referencia que establece o currículo e, de ser o caso, dos criterios de avaliación establecidos no documento base do título, que deben permitir executar ou, de ser o caso, completar a competencia profesional correspondente ao título.

c) Áreas, departamentos ou ámbitos do centro de traballo polos que rotará o alumnado.

6. É especialmente importante que no proceso de elaboración do plan individualizado de FCT sexan ben identificadas as actividades formativo-produtivas relacionadas coas capacidades terminais elementais do módulo de FCT e coa competencia profesional que debe evidenciar.

7. No plan individualizado de FCT recolleranse as avaliacións correspondentes a cada capacidade terminal elemental descrita.

Vixésimo terceiro.-Períodos de realización das actividades da formación en centros de traballo.

1. Como norma xeral, o módulo de FCT realizarase ao final de cada ciclo formativo, unha vez superada a formación cursada no centro educativo nun só período e de xeito ininterrompido, segundo o establecido no artigo 6 da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro).

2. O módulo de FCT desenvolverase entre os días 1 de setembro e 30 de xuño. O número de horas de estadía do alumnado no centro de traballo será o indicado nos decretos dos currículos correspon-

dentes da Comunidade Autónoma de Galicia e no anexo VII desta resolución.

3. O desenvolvemento das estadías do alumnado no centro de traballo seguirá o horario laboral da entidade colaboradora, salvo que no plan individualizado de FCT se estableza outro horario, que non poderá ser, en ningún caso, superior ás oito horas diarias e ás corenta semanais.

4. A realización da FCT nas fins de semana ou durante os meses de xullo e agosto, motivada pola especificidade do proceso produtivo propio de cada familia profesional, deberá ser autorizada expresamente pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, logo dun informe do Servizo de Inspección Educativa. Os centros remitirán á delegación provincial correspondente, cunha antelación mínima de dous meses con respecto á realización da FCT, xunto co plan individualizado de FCT (anexo II), unha solicitude, segundo o modelo do anexo IV, en que se inclúa a xustificación da actividade que requira o horario solicitado, o calendario e o horario proposto. Os servizos de inspección educativa empregarán o modelo do anexo IV para a emisión do preceptivo informe, que deberá ser remitido á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais cunha antelación mínima de quince días con respecto ao período previsto para realizar a FCT. A resolución pola que se autorice ou rexeite a proposta de calendario e horario comunicaráselle ao centro educativo antes do inicio do período previsto para a realización da FCT. En ningún caso poderá iniciarse a FCT, fóra do período establecido con carácter xeral, sen contar coa autorización expresa da citada dirección xeral.

5. Excepcionalmente, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar, cun informe previo do Servizo de Inspección Educativa, a realización do módulo de FCT na franxa horaria comprendida entre as 23.00 horas e as 6:00 horas. Os centros e os servizos de inspección seguirán o procedemento descrito anteriormente.

6. A realización do módulo de FCT anticipadamente á finalización da formación no centro educativo ou noutros períodos distintos do establecido con carácter xeral, deberá quedar debidamente reflectido no proxecto curricular do ciclo, segundo se recolle no artigo 6 da Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro), e pode ser motivada pola dispoñibilidade de postos formativos, a estacionalidade, a especificidade curricular da familia profesional correspondente, obra singular ou outras causas. Isto requirirá a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, cun informe previo do Servizo de Inspección Educativa. Na tramitación desta autorización seguirase o procedemento recollido no punto 4 anterior. A resolución pola que se autorice ou rexeite a proposta de calendario e horario comunicaráselle ao centro educativo antes do inicio do período previsto para a realización da FCT. En calquera caso, a realización anticipada da FCT non implicará o adianto do calendario da avaliación final ordinaria do ciclo, previsto con carácter xeral.

7. Para a realización da FCT por parte do alumnado matriculado no réxime de persoas adultas ou traballadores matriculados no réxime ordinario, acreditando tal condición mediante contrato de traballo vixente durante o período previsto para o desenvolvemento da estadía formativa e subscrito con empresa distinta da titular do centro de traballo de acollida para realizar a FCT, o centro poderá propor un calendario e un horario flexibles cunha duración mínima de catro horas por xornada ao longo de cinco xornadas semanais, que estará fundamentado e contará coa autorización do Servizo de Inspección Educativa. Os centros remitiranlle á delegación provincial correspondente a solicitude e a xustificación da súa necesidade segundo o procedemento previsto no punto 4 deste artigo.

8. En casos excepcionais, fundamentados nas especificidades dos sectores de actividade en que se realiza e nos cales se garante que o titor do centro educativo realiza o seguimento das actividades do plan individualizado de FCT, o desenvolvemento do módulo de FCT poderase ampliar ata o 31 de agosto, cunha autorización da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, tras un informe do Servizo de Inspección Educativa. Na tramitación desta autorización seguirase o procedemento recollido no punto 4 deste artigo.

Vixésimo cuarto.-Realización de FCT fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. A realización das actividades formativas do módulo de FCT en centros de traballo situados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, xustificada pola proximidade dos centros aos territorios doutras comunidades autónomas, pola imposibilidade de atopar postos formativos axeitados no territorio galego, por razóns de inserción laboral ou polo desenvolvemento do módulo no marco dunha estadía formativa fóra do Estado español, estará sometida ás seguintes disposicións:

1.1. O desenvolvemento do módulo de FCT en centros de traballo situados en comunidades autónomas limítrofes con Galicia nos cales a proximidade cos centros educativos permita o normal seguimento das actividades formativas por parte dos titores requirirá autorización do Servizo de Inspección Educativa. Os centros remitiranlle á delegación provincial correspondente, xunto coa documentación e a programación relativa á FCT, unha solicitude, segundo o modelo do anexo IV, en que se incluirá a xustificación razoada, engadindo copia do anexo II. A delegación provincial, a través do Servizo de Inspección Educativa, segundo o modelo anexo IV, comunicaralle ao centro a correspondente resolución pola que se autorice ou rexeite a solicitude proposta, antes do inicio de período previsto no calendario de realización.

1.2. A realización das actividades formativas do módulo de FCT en centros de traballos doutras comunidades autónomas en que o afastamento cos centros

educativos dificulte o seguimento das actividades formativas por parte dos titores requirirá igualmente autorización expresa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, cun informe positivo previo do Servizo de Inspección Educativa.

1.3. No caso recollido no punto anterior, o coordinador de FCT do centro de procedencia iniciará contactos cun centro educativo situado no territorio de destino e que imparta o mesmo ensino que cursa o alumnado ou, no seu defecto, a mesma familia profesional, coa finalidade de que os directores dos centros educativos implicados asinen un acordo, segundo o modelo recollido para tal efecto como anexo V desta resolución, que determine o calendario e o horario propostos, así como o nomeamento dun titor do centro de acollida que se encargue da xestión e do seguimento do desenvolvemento do módulo de FCT. O titor do centro de acollida elaborará un informe final sobre o desenvolvemento do módulo de FCT por parte do alumnado acollido, ao que xuntará informe valorativo do titor do centro de traballo, para o que se deberá utilizar o anexo II desta resolución, documento que servirá para que o titor do centro de procedencia avalíe o módulo. Así mesmo, o titor do centro de acollida estará encargado de atender o alumnado no centro educativo e de asesoralo sobre os problemas que o afecten no desenvolvemento do módulo, así como de transmitirlle a información ao titor do centro de procedencia. Os centros remitiranlle á delegación provincial correspondente, xunto coa programación da FCT, unha solicitude, segundo o modelo do anexo IV desta resolución, na que se inclúa a xustificación razoada, engadindo a documentación relativa ao alumnado afectado (anexo II) e o acordo do anexo V. A delegación provincial, a través do Servizo de Inspección Educativa, remitirá aos centros a correspondente resolución, utilizando para iso o devandito anexo IV, antes do inicio do período previsto para a realización da formación práctica.

1.4. Este mesmo procedemento seguirase para aquel alumnado procedente de territorios doutras administracións educativas acollidos en centros de Galicia para realizar o módulo de FCT.

1.5. O desenvolvemento do módulo de FCT en centros de traballo situados fóra do territorio español estará sometida ao disposto nesta resolución e na Orde do 24 de maio de 2005 (DOG do 13 de xuño).

Vixésimo quinto.-Realización de FCT fóra do contorno socioeconómico e educativo do centro.

1. A realización das actividades formativas do módulo de FCT en centros de traballo situados fóra do contorno socioeconómico e educativo do centro, xustificada pola imposibilidade de atopar postos formativos axeitados no seu territorio por razóns de inserción laboral ou proximidade ao domicilio do alumno, que dificulte o seguimento das actividades formativas por parte dos titores, requirirá autorización expresa do Servizo de Inspección Educativa.

2. O procedemento para seguir coincide co especificado no punto 1.3. do artigo anterior.

Vixésimo sexto.-Envío de documentación ao Servizo de Inspección Educativa.

1. Os centros educativos enviarán aos servizos de inspección educativa das delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos vinte días seguintes á realización da sesión de avaliación final de módulos (previa á FCT) ou, de ser o caso, dez días antes do inicio da FCT, unha copia do anexo I (convenio específico) para a súa remisión á Inspección de Traballo.

2. Unha copia do plan individualizado de FCT (anexo II) quedará arquivada no centro ao dispor do Servizo de Inspección Educativa para a súa revisión.

3. O centro docente deberá informar a delegación provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das posibles modificacións ou baixas que se produzan nos convenios específicos de colaboración.

Vixésimo sétimo.-Procedemento para seguir en caso de accidente ou sinistro na realización da FCT.

En caso de se producir accidente ou sinistro ao longo do desenvolvemento da FCT, os centros deberanllo comunicar mediante oficio escrito, e dentro dos sete días seguintes ao día do accidente ou sinistro, ao Servizo de Xestión Integrada de Recursos, Formación en Empresas e Orientación Laboral, da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, xuntando copias compulsadas do anexo I en referencia ao alumnado en cuestión.

Vixésimo oitavo.-Titoría e seguimento da formación en centros de traballo.

1. O profesor-titor do centro establecerá canles de comunicación coa persoa designada para realizar as tarefas propias do titor do centro de traballo que garantan o seguimento e a avaliación do alumnado. Establecerá as visitas aos centros de traballo; en concreto, un mínimo de dúas visitas de seguimento, á parte das previas de xestión, para observar directamente as actividades que o alumnado realiza nel e rexistrar o seu propio seguimento. Este calendario poderase completar mediante a programación, por parte do titor docente, de cantas visitas ou mecanismos de contacto considere oportunos para o correcto seguimento do alumnado que desenvolve a FCT.

2. O seguimento das actividades da FCT axustarase ao plan previsto por cada titor. Para iso, utilizarase o modelo recollido como anexo VI desta resolución, que se cubrirá en tres etapas e cunha triple finalidade. Na primeira etapa, que se realizará inmediatamente antes do inicio de cada período previsto, o titor do ciclo establecerá, en colaboración e baixo a supervisión do coordinador ou da coordinadora da FCT, unha previsión, sen determinación de datas, das visitas que se realizarán e dos gastos que soportará, con indicación de motivos, centros de traballo que se vaian visitar, quilómetros que se percorrerán e importes previstos, que será asinada polo titor.

3. Nunha segunda etapa, o documento someterase á aprobación do director do centro, quen, mediante o seu visto e prace, autorizará a realización das actividades previstas.

4. Na terceira etapa, e a medida que desenvolve o plan de seguimento, o titor irá recollendo as datas reais de realización das visitas, que xustificará mediante sinatura ou selo dos centros de traballo visitados, así como os gastos realmente soportados. Por último, asinará a declaración da veracidade dos datos recollidos no documento.

5. Reservarase unha xornada cada quincena, segundo o plan individualizado de FCT, recollido no anexo II desta resolución, para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do profesor-titor, realizando actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

6. A compensación dos gastos ocasionados ao profesorado encargado do seguimento da formación en centros de traballo realizarase ao abeiro do establecido no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia. O devandito decreto establece que darán orixe á indemnización ou compensación, entre outras, as comisións de servizo para a realización dos cometidos especiais que se lle ordenen ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia e os desprazamentos dentro do termo municipal por razón do servizo.

7. Para poder ser compensados nos gastos que ocasione o seguimento, o profesorado encargado deberá contar con autorización expresa, por parte da dirección do seu centro educativo de destino. Esta autorización será manifestada mediante o visto e prace do director, no modelo anexo VI desta resolución.

8. A compensación dos gastos ocasionados polas actividades de seguimento do módulo de formación en centros de traballo correspondentes a cada ciclo formativo poderá ser financiada con cargo aos orzamentos de gastos de funcionamento deses ciclos para o curso 2005-2006.

9. O coordinador de FCT realizará unha memoria do desenvolvemento das actividades de formación en centros de traballo por parte do alumnado do centro, na cal se recollerán os principais datos (entre eles serán informados o xefe do departamento e os centros de traballo) sobre a execución do plan de visitas, o plan de recepción do alumnado no centro educativo, e as accións de divulgación dos programas formativos e de captación de novos centros de traballo. Esta memoria será sometida á aprobación por parte do consello escolar, e serán informados do seu contido o xefe do departamento e o titor da empresa.

Vixésimo noveno.-Avaliación da formación en centros de traballo.

1. A avaliación da FCT será continua; é dicir, realizarase durante todo o proceso formativo correspondente, de acordo coa normativa reguladora do procedemento de avaliación dos ciclos formativos de formación profesional: Decreto 239/1995 (DOG do 16 de agosto) e Orde do 16 de xullo de 2002 (DOG do 13 de setembro).

2. A avaliación do módulo da FCT ten por obxecto determinar a competencia profesional, entendida como a habilidade para realizar papeis ou postos de traballo aos niveis requiridos do emprego. Xa que logo, os métodos de avaliación deste módulo débense orientar a obter evidencia desa competencia.

3. Na avaliación deste módulo de FCT colaborará a persoa responsable designada por cada centro de traballo para o seguimento da formación do alumnado durante a estadía nel. Esta colaboración na avaliación expresarase mediante un informe valorativo da persoa responsable do centro de traballo (recollido no anexo II). Se a FCT tivese lugar en varias empresas, solicitarase un informe a cada unha delas.

4. O instrumento de seguimento e avaliación do módulo de FCT será a carpeta de seguimento e avaliación da FCT, que se lle entregará ao alumnado ao inicio da estadía formativa.

5. O alumnado reflectirá nas follas semanais as tarefas que desenvolve na empresa. Farao de xeito breve e doadamente identificable, destacando, de ser o caso, as dificultades atopadas na realización da actividade, as circunstancias que as motivaron e cantas observacións que a nivel profesional ou persoal se consideren oportunas. As follas semanais de seguimento de actividades do alumnado serán supervisadas polo profesorado-titor durante a xornada quincenal destinada á acción titorial no centro educativo, con todo o alumnado que estea durante ese período realizando a FCT na empresa.

6. Unha vez rematado o período previsto para o desenvolvemento da FCT, cubertas polo alumnado as follas semanais de seguimento (anexo III) e asinada a carpeta de seguimento e avaliación de FCT polo titor do centro de traballo, a secretaría do centro formalizará a dilixencia de pechamento para validar a documentación de que consta a carpeta de seguimento e avaliación de FCT do alumnado (modelos de documentos e número de follas).

7. Correspóndelle ao Servizo de Inspección Educativa o seguimento e a avaliación dos plans individualizados de FCT coa folla semanal de seguimento, así como a análise dos resultados obtidos no desenvolvemento da FCT en cada un dos ciclos formativos de cada centro educativo.

Trixésimo.-Relación entre alumnado e centro de traballo ou entidade colaboradora.

1. A relación entre o alumnado e o centro de traballo ou a entidade colaboradora como consecuencia do convenio específico de colaboración para a realización das actividades do módulo profesional de FCT non terá, en ningún caso, natureza xurídica laboral ou funcionarial, polo que o alumnado non poderá percibir retribución ningunha do centro de traballo pola súa actividade formativa.

2. A entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do cadro de persoal con alumnado que realice actividades formativas na empresa, agás que se estableza para tal efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerarase que o alumno abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a entidade colaboradora deberá comunicar ao profesor-titor do centro educativo, que será quen llo notifique ao director do centro educativo, e estes, pola súa vez, á delegación provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A devandita delegación provincial deberalle comunicar esta continxencia á Inspección Provincial de Traballo.

3. O réxime de cobertura por accidentes do alumnado de formación profesional nos centros de traballo será o establecido pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso, sen prexuízo das pólizas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria subscriba para o seu ámbito de xestión, como seguro adicional para mellorar indemnizacións ou cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil.

Trixésimo primeiro.-Funcións e tarefas na xestión da FCT.

Para o desenvolvemento efectivo do módulo de FCT deberanse realizar as seguintes funcións:

1. O director do centro educativo:

a) Acreditar ante a delegación provincial correspondente a existencia de convenios que garantan a realización da FCT do alumnado matriculado nos ciclos formativos.

b) Asinar os convenios específicos de colaboración coas empresas e asumir a responsabilidade da súa execución.

2. O coordinador de formación en centros de traballo, as establecidas no artigo 80 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo:

a) Entregar á dirección do centro unha memoria anual, segundo se establece no punto 43 da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro).

b) Encargarse das relacións entre o centro educativo e a empresa por delegación do director do centro, e de elaborar os convenios.

c) Coordinar as accións dos titores, establecendo un plan de seguimento da FCT en que se inclúan os calendarios e os plans de visitas de cada un dos titores (anexo VI), e as accións de divulgación do plan individualizado da FCT de captación de novas empresas.

d) Procurar e seleccionar empresas co apoio do profesor titor e tramitar toda a documentación relativa ás axudas económicas que procedan respecto á FCT, a través da dirección do centro.

3. O profesorado titor responsable da FCT, as establecidas no artigo 59.2º do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, na instrución 63 da Orde do 1 de agosto de 1997 e no artigo 8 da Orde do 16 de xullo do 2002, ademais das seguintes:

a) Proporlles á dirección do centro educativo e ao coordinador de formación en centros de traballo empresas coas que proceda contactar para o desenvolvemento da FCT, detallando o seu perfil básico.

b) Establecer canles de comunicación coa persoa responsable designada polo centro de traballo para o seguimento do programa formativo, co fin de contribuír a que este programa se axuste á cualificación que se pretende.

c) Informar o seu alumnado do programa formativo de FCT que vai realizar en cada empresa, e de todo o relacionado coas condicións e as características da súa realización, aspectos, condicións e criterios de avaliación do citado módulo.

d) Extraer datos e conclusións que realimenten as actividades, con especial atención a aqueles que suxiran a modificación da programación docente, do programa formativo ou que afecten a continuidade do convenio coa empresa, así como proporcionar os datos significativos que se lle requiran para a avaliación global do programa da FCT.

Trixésimo segundo.-A FCT en programas de garantía social.

1. O alumnado matriculado nas diferentes modalidades de programas de garantía social poderá realizar prácticas formativas en centros de traballo. A duración será a que se estableza na normativa reguladora destes programas.

2. En todo o referente á subscrición de convenios cos centros de traballo, aspectos da relación entre centros educativos, e centros de traballo e autorizacións excepcionais da realización da FCT, observarase o disposto nesta resolución, así como aquelas instrucións que se poidan ditar.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Os directores dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias para que esta resolución sexa coñecida por todos os membros da comunidade educativa.

Segunda.-Os delegados provinciais, a través dos servizos de inspección educativa e dos directores dos centros educativos, garantirán o cumprimento do disposto nesta resolución e asesorarán os centros sobre o seu contido.

Terceira.-Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2005.

Mª Luisa Castro Casas
Directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO PARA O DESENVOLVEMENTO DA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO

CONVENIO Nº
.....

Dunha parte:
D./Dª. ..... con DNI ....., como director/a do centro educativo ..... con código de centro ..... localizado en ..... provincia de ..... rúa/praza, etc. ..... código postal ..... Código de identificación fiscal ..... Teléfono ..... Fax .....

Doutra parte:
D./Dª. ..... con DNI ....., como representante legal do centro de traballo ..... da empresa ..... localizado en ....., provincia de ..... rúa/praza, etc. ..... código postal ..... Código de identificación fiscal ..... Teléfono ..... Fax .....

EXPOÑEN

- Que ambas as partes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.
- Que o obxectivo do presente convenio é a colaboración entre as entidades ás que representan para o desenvolvemento dun programa formativo de formación en centros de traballo dirixido ao alumnado de formación profesional especifica.
- Que a devandita colaboración se fundamenta xuridicamente no artigo 34, número 2, da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE).

ACORDAN

- Subscribir o presente convenio de colaboración para o desenvolvemento da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para o curso escolar _____, por parte do alumnado e correspondente ás ensinanzas que se recollen desceguido, que ambas as partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no reverso deste documento.

DENOMINACIÓN DO ENSINO.....

CÓDIGO.....

TITOR/A DO CENTRO EDUCATIVO D/Dª .....

APELIDOS E NOME	DNI	NÚMERO DE HORAS	PERÍODO DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
			DATA DE INICIO	DATA FINALIZACIÓN

- Ao presente convenio incorporaráselle a programación de actividades formativas (anexo II) para desenvolver polo alumnado nos centros de traballo e os documentos que faciliten o seu seguimento e a súa avaliación.

..... de ..... 200..

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO	O/A REPRESENTANTE DO CENTRO DE TRABALLO
Asdo:	Asdo: .....

ANEXO I

(REVERSO)

CLÁUSULAS

Primeira. O alumnado que figura no presente convenio desenvolverá as actividades formativas programadas (anexo II) nos locais do centro de traballo ou, de ser o caso, naqueles lugares en que a empresa titular do centro de traballo desenvolva a súa actividade produtiva, sen que isto implique relación laboral ningunha coa empresa.

Segunda. A empresa comprométese ao cumprimento da programación de actividades formativas que previamente fosen acordadas co centro educativo, a realizar o seu seguimento e a valoración do progreso do alumnado e, xunto co titor do centro educativo, á revisión da programación se for necesario, unha vez iniciado o período de prácticas e á vista dos resultados.

Terceira. Cada alumno disporá dun documento de seguimento e avaliación das actividades realizadas, que será supervisado pola persoa responsable da empresa en colaboración co titor do centro educativo. No devandito documento figurarán as actividades formativas máis significativas realizadas na empresa, con rexistro de data e dos resultados semanais. Estes resultados semanais reflectiranse nunha ficha de seguimento e avaliación, que cubrirá a persoa responsable na empresa.

Cuarta. A empresa nomeará unha persoa para a coordinación das actividades formativas que se realicen no centro de traballo, que garantirá a orientación e a consulta do alumnado, facilitará as relacións co profesor-titor do centro educativo e achegará os informes valorativos que contribúan á avaliación. Para tal fin, facilitaralle ao profesor-titor do centro educativo o acceso á empresa e as actuacións de valoración e supervisión do proceso.

Quinta. A empresa ou entidade colaboradora non poderá cubrir, nin sequera con carácter interino, ningún posto de traballo do seu cadro de persoal co alumnado que realice actividades formativas na empresa, salvo que se estableza para o efecto unha relación laboral de contraprestación económica por servizos contratados. Neste caso, considerarase que o alumnado abandona o programa formativo no centro de traballo, feito este que a empresa ou institución colaboradora lle deberá comunicar á dirección do centro escolar, quen pola súa vez llo comunicará á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Sexta. O alumnado non percibirá do centro de traballo ningunha cantidade pola realización das actividades formativas.

Sétima. O presente convenio poderase extinguir por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de cinco días, baseada nalgunha das seguintes causas:

a) Cesamento de actividades do centro docente, da empresa ou da institución colaboradora.
b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración, inadecuación pedagóxica das prácticas formativas ou vulneración das normas que estean en cada caso vixentes en relación coa realización das actividades programadas.
d) Mutuo acordo entre o centro docente, adoptado pola súa dirección, e a empresa ou institución colaboradora.

Igualmente, poderase rescindir para un alumno, ou un grupo deles, por calquera das partes asinantes, e ser excluído da súa participación no convenio por decisión unilateral do centro, da empresa ou da institución colaboradora, ou conxunta de ambos os dous, nos seguintes casos:

e) Faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas.
f) Actitude incorrecta ou falta de aproveitamento, tras unha audiencia á persoa interesada.

En calquera caso, o centro docente deberá informar a delegación provincial correspondente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da extinción ou rescisión dos convenios específicos de colaboración en calquera dos casos, e esta, pola súa vez, comunicarallo á Inspección Provincial de Traballo.

Así mesmo, os representantes dos traballadores dos centros de traballo serán informados do contido deste convenio de colaboración.

Oitava. Calquera eventualidade de accidente que se puidese producir será recollida pola normativa vixente en materia de seguro escolar e polos estatutos da mutualidade de tal seguro; todo iso sen prexuízo da póliza que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida subscribir como seguro adicional para mellorar indemnizacións e cubrir danos a terceiros ou responsabilidade civil.

Novena. En todo momento, o alumnado irá provisto do DNI.

Décima. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria remitirán á Inspección de Traballo unha copia do presente convenio.

Undécima. A duración deste convenio é a prevista no período de realización das prácticas, e considerarase improrrogable.

ANEXO II

PLAN INDIVIDUALIZADO DE FCT		
Alumno/a		Período
Ciclo formativo	Código do ciclo	Número de horas de FCT
Centro de traballo	Titor/a do centro de traballo	
Centro educativo	Profesor/a titor/a	

Recepción quincenal do/a alumno/a no centro educativo	Día da semana:	Hora:

Capacidades terminais involucradas	Departamento do centro de traballo		
Actividades formativo-produtivas	Temporalización	Adquisición das capacidades terminais	
		Adquirida	Non adquirida
Nº 1			
Nº 2			
Nº 3			
Nº 4			
Nº 5			
Nº 6			
Nº 7			

Valoración global *	Titor/a do centro de traballo	Profesor/a titor/a

Data: / /

* Apto · Non apto

ANEXO III

MODELO DE FOLLAS SEMANAIS DE SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES REALIZADAS POLO ALUMNADO

Centro de traballo		Titor/a do centro de traballo
Período	Horario	Áreas ou departamentos do centro de traballo

Data	Actividades realizadas

Observacións na realización das actividades

Alumno/a:	Vº e prace. O/a titor/a do centro de traballo	Vº e prace. O/a titor/a do centro educativo
Asdo.:	Asdo.:	Asdo.: .....

ANEXO IV

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA FCT EN SITUACIÓNS EXCEPCIONAIS

MODALIDADE DE DESENVOLVEMENTO

9 Realización de FCT en máis de dous centros de traballo.
9 Inclusión no calendario de fins de semana ou vacacións.
9 Realización de FCT en horario nocturno.
9 Realización do módulo de FCT noutra comunidade autónoma.
9 Realización da FCT anticipadamente
9 Realización da FCT noutro período distinto do establecido con carácter xeral

9 Adaptación do calendario: ensino de adultos ou traballadores.
9 Acollida de alumnado doutras comunidades autónomas.
9 Realización completa do módulo de FCT fóra do Estado español.
9 Realización parcial do módulo de FCT fóra do Estado español.
9 Ampliación excepcional das datas de realización da FCT.

ENSINO: **Código:**

MOTIVO/ XUSTIFICACIÓN RAZOADA (1):

CALENDARIO/ HORARIO

Período de realización:
Días da semana:
Horario:

DATOS DO CENTRO DE PROCEDENCIA

Nome do centro:

Enderezo: **Teléfono:** **Telefax:**

Concello: **Correo electrónico:**

Provincia: **País:**

Nome do/da director/a:

Nome do/da titor/a do centro educativo:

DATOS DO/DA ALUMNO/A

Nome: **DNI:**

Enderezo: **Teléfono:**
Concello: **Telefax:**
Provincia: **País:** **Correo electrónico:**

DATOS DA ENTIDADE DE ACOLLIDA

Nome da empresa:

Enderezo: **Teléfono:**
Telefax:
Correo electrónico:

Nome do/da titor/a de acollida: **Sinatura do/da titor/a encargado/a de realizar o seguimento:**

Centro educativo de referencia (se procede):
Enderezo: **Teléfono:**

Sinatura do/da director/a do centro
, de de 200....

INFORME/AUTORIZACIÓN DA SOLICITUDE POR PARTE DO INSPECTOR/A

Vista a solicitude presentada polo/a director/a do centro indicado para a realización de FCT en situacións excepcionais por parte do/a alumno/a que se recolle no presente documento, este Servizo de Inspección Educativa, resolve:

❑ **CONCEDER A AUTORIZACIÓN.**

❑ **NON CONCEDER A AUTORIZACIÓN.**

❑ **EMITIR INFORME FAVORABLE.**

❑ **EMITIR INFORME DESFAVORABLE.**

Sinatura do/da inspector/a

, de de 200

(1) Motivos xenéricos, incluíndo modalidade de axuda, etc.

ANEXO V

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE CENTROS PARA O SEGUIMENTO DA FCT

CENTRO DE PROCEDENCIA

D./Dª. ..... con DNI ..... como director/a do centro educativo de procedencia

..... localizado en ..... provincia de .....,

rúa/praza, ... código postal ....., teléfono ....., fax

.....

CENTRO DE ACOLLIDA

D./Dª. ..... con DNI ..... como director/a do centro educativo de acollida

..... localizado en ..... provincia de .....,

rúa/praza, ... código postal ....., teléfono ....., fax

.....

ACORDAN

Subscribir o presente acordo de colaboración para o seguimento das actividades da formación en centros de traballo, de acordo coa normativa vixente emitida pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia), para o curso escolar _____, que desenvolverán os/as alumnos/as no período que se recolle deseguido.

APELIDOS E NOME	DNI	NÚMERO HORAS	PERÍODO DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS	
			DATA DE INICIO	DATA FINALIZACIÓN

Correspondente ás ensinanzas.

DENOMINACIÓN DO ENSINO..... CÓDIGO .....

TITOR/A DO CENTRO DE PROCEDENCIA D/Dª .....

Noméase como titor/a no centro educativo de acollida para facer o seguimento.

TITOR/A DO CENTRO EDUCATIVO DE ACOLLIDA D/Dª.....

O presente acordo desenvolverase ao abeiro do convenio específico número ....., asinado polo centro educativo de procedencia e a empresa.

NOME OU RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA ..... CIF.....

CENTRO DE TRABALLO .....

RESPONSABLE, D/Dª .....

ENDEREZO: RÚA.....

LOCALIDADE ..... PROVINCIA..... CÓDIGO POSTAL .....

TELÉFONO ..... FAX ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

Este documento irá acompañado do anexo I (convenio específico) e da programación de actividades formativas (anexo II, plan individualizado de FCT) para desenvolver polo/a alumno/a no centro de traballo.

....., de ..... 200....

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO DE PROCEDENCIA	O/A DIRECTOR/A DO CENTRO EDUCATIVO DE ACOLLIDA
Asdo:	Asdo: .....

ANEXO VI

AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DA FCT E XUSTIFICACIÓN DE GASTO, CALENDARIO E PLAN DE VISITAS

IES: .....

CICLO: Código:..... Nome:..... Curso: 200../200..

TITOR/A:.....

Período de realización da FCT /...../...../200...

AUTORIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DA FCT E XUSTIFICACIÓN DE GASTOS

ACTIVIDADE (1)	*CENTRO DE TRABALLO*	CENTRO DE TRABALLO	CENTRO DE TRABALLO	TOTAL Km (2)		EUR/Km (3)	*IMPORTE*	
				P	R		P	R
MOTIVO:	*(4) C.T.:* *(5) D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
MOTIVO:	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*	*C.T.:* *D e S:*					
			TOTAIS:					

(1) Motivo: contacto, presentación, seguimento ou avaliación.
(2) P: dato previsto. R: dato real.
(3) No caso de utilizar coche propio, consignarase a cantidade: 0,168283 EUR/Km.
(4) CT: nome do centro de traballo. (5) D e S: data real da visita e selo da entidade ou sinatura.
Xuntar recibo comprobante no caso de utilizar transporte público.

AUTORIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DA FCT

....., ...de.....de 200..

Vº e prace.
O/a director/a:

O/a titor/a

O/a coordinador/a:

Asdo.: .....

Asdo.: .....

Asdo.:.....

XUSTIFICACIÓN DE REALIZACIÓN E DE GASTOS SOPORTADOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos contidos son certos.
O/a titor/a

Asdo.:.....

ANEXO VII

Distribución trimestral dos módulos que constitúen cada ciclo formativo e o seu número de horas e sesións semanais de 50 minutos.

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'
CM01001	Traballos forestais e conservación do medio natural	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0003	Aproveitamentos cinexéticos e piscícolas	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0004	Aproveitamentos forestais	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0022	Mecanización agraria	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0025	Produción de plantas	215	8
			4º e 5º	CM0001	Actividades de uso público en espazos naturais	90	5
			4º e 5º	CM0008	Conservación e defensa das masas forestais	240	13
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0020	Instalacións agrarias	110	6
			4º e 5º	CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6
			4º e 5º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	3
			6º	CM0014	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	50	2
CM01002	Xardinaria	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0019	Implantación de xardíns e zonas verdes	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0022	Mecanización agraria	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0025	Produción de plantas	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			4º e 5º	CM0009	Conservación e mellora de xardíns e zonas verdes	145	8
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0020	Instalacións agrarias	110	6
			4º e 5º	CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	7
			4º e 5º	CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6
			4º e 5º	CM0028	Xardinaría de interiores e arranxos florais	110	6
			6º	CM0015	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CSHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM01003	Explotacións agrarias extensivas	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0012	Cultivos herbáceos	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0020	Instalacións agrarias	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0022	Mecanización agraria	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0027	Produción gandeira ligada á terra	215	8
			4º e 5º	CM0010	Cultivos arbóreos e arbustivos	200	11
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0021	Manexo racional do gando	165	9
			4º e 5º	CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	7
			4º e 5º	CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6
			6º	CM0016	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CSHADC	Horas á disposición do centro	50	2
CM01004	Explotacións agrícolas intensivas	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0013	Cultivos hortícolas	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0020	Instalacións agrarias	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0023	Métodos de control fitosanitario	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0025	Produción de plantas	215	8
			4º e 5º	CM0011	Cultivos frutícolas	280	15
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0022	Mecanización agraria	215	12
			4º e 5º	CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6
			6º	CM0017	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CSHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM01005	Explotacións gandeiras	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0005	Coidados básicos, doma e adestramento do cabalo e outros animais	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0021	Manexo racional do gando	165	6
			1º, 2º e 3º	CM0022	Mecanización agraria	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0026	Produción gandeira intensiva	345	13
			4º e 5º	CM0002	Agrotecnoloxía	185	10
			4º e 5º	CM0006	Coidados aos animais de compañía	110	6
			4º e 5º	CM0007	Coidados aos animais de experimentación e outros pequenos animais	90	5
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0020	Instalacións agrarias	110	6
			4º e 5º	CM0024	Organización e xestión dunha explotación agraria familiar	110	6

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'
			6º	CM0018	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CSHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM02001	Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	1.400					
			1º, 2º e 3º	CM0029	Actividades físicas para persoas con discapacidades	55	2
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0030	Condución de grupos a cabalo e coidados equinos básicos	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0031	Condución de grupos en bicicleta	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0032	Desprazamento, estadía e seguridade no medio terrestre	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0033	Dinámica de grupos	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0035	Fundamentos bioló xicos, saúde e primeiros auxilios	80	3
			4º	CM0034	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM03001	Mergullo a media profundidade	1.400					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0039	Fisiopatoloxía do mergullo e asistencia sanitaria de urxencia a mergulladores	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0044	Inmersión a media profundidade	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0054	Procedementos de corte e soldadura subacuática	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0055	Reparacións en flotación e reflotamentos	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0057	Traballos subacuáticos de obras hidráulicas e con explosivos	185	7
			4º	CM0040	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	50	2
CM03002	Operacións de cultivo acuícola	1.700					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0045	Instalacións e equipos de cultivo	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0052	Parámetros e condicións dos cultivos	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0058	Técnicas de cultivo de crustáceos	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0059	Técnicas de cultivo de moluscos	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0060	Técnicas de cultivo de peixes	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0061	Técnicas de cultivos auxiliares	80	3
			4º e 5º	CM0041	Formación en centros de traballo	740	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM03003	Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0037	Automatización: regulación e control	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0046	Instalacións e máquinas eléctricas	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0047	Lingua estranxeira (inglés)	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0049	Operación e mantemento dos equipos de propulsión e servizos	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0051	Operacións auxiliares de mantemento industrial	290	11
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			5º e 6º	CM0042	Formación en centros de traballo	710	0
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	6
			4º e 5º	CM0050	Operación e mantemento dos sistemas frigoríficos e de produción	165	18
			4º e 5º	CM0056	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	110	12
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	55	2
CM03004	Pesca e transporte marítimo	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0036	Administración do buque	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0037	Automatización: regulación e control	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0047	Lingua estranxeira (inglés)	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0048	Navegación e comunicacións do buque	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0053	Pesca: extracción e conservación	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0056	Seguridade, supervivencia e primeiros auxilios no mar	110	4
			5º e 6º	CM0043	Formación en centros de traballo	710	0
			4º e 5º	CM0038	Estabilidade e manobra do buque	220	24
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	6
			4º e 5º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	6
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	50	2
CM04001	Xestión administrativa	1.300					
			1º, 2º e 3º	CM0062	Aplicacións informáticas	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0063	Comunicación, arquivo de información e operatoria de teclados	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0064	Contabilidade xeral e tesouraría	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0066	Principios de xestión administrativa pública	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0067	Produtos e servizos financeiros e de seguros básicos	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0068	Xestión administrativa de compravenda	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0069	Xestión administrativa de persoal	80	3
			4º	CM0065	Formación en centros de traballo	340	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	85	3
CM05001	Encadernación e manipulados de papel e cartón	1.400					
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0074	Materias primas en artes gráficas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0076	Procesos de artes gráficas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0077	Procesos de encadernación e manipulados de papel	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0079	Procesos de impresión en tintas líquidas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0080	Procesos de manipulados de cartón	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0081	Seguridade nas industrias de artes gráficas	55	2
			4º	CM0071	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	90	3
CM05002	Impresión en artes gráficas	1.400					
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0074	Materias primas en artes gráficas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0075	Montaxe e obtención da forma impresora	105	4
			1º, 2º e 3º	CM0076	Procesos de artes gráficas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0078	Procesos de impresión en offset	270	10
			1º, 2º e 3º	CM0079	Procesos de impresión en tintas líquidas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0081	Seguridade nas industrias de artes gráficas	55	2
			4º	CM0072	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	85	3
CM05003	Preimpresión en artes gráficas	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0076	Procesos de artes gráficas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0082	Tratamento de imaxes	400	15
			1º, 2º e 3º	CM0083	Tratamento de textos	240	9
			4º e 5º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	4
			4º e 5º	CM0070	Ensamblaxe e filmación de textos e imaxes	345	19
			4º e 5º	CM0074	Materias primas en artes gráficas	130	7
			4º e 5º	CM0075	Montaxe e obtención da forma impresora	105	6
			6º	CM0073	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM06001	Comercio	1.400					
			1º, 2º e 3º	CM0084	Administración e xestión dun pequeno establecemento comercial	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0085	Animación do punto de venda	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0086	Aplicacións informáticas de propósito xeral	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0088	Lingua estranxeira (inglés)	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0089	Operacións de almacenaxe	110	4
			1º, 2º e 3º	CM0090	Operacións de venda	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			4º	CM0087	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	70	3
CM07001	Laboratorio de imaxe	1.400					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0092	Positivado, ampliación e acabamentos	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0093	Procesos de imaxe fotográfica	105	4
			1º, 2º e 3º	CM0094	Revelado de soportes fotosensibles	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0095	Tratamento de imaxes fotográficas por procedementos dixitais	215	8
			4º	CM0091	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM08001	Acabamentos de construción	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0109	Organización dos traballos de acabados de construción	320	12
			1º, 2º e 3º	CM0113	Paneis prefabricados	135	5
			1º, 2º e 3º	CM0119	Pavimentación e colocación de azulexos	345	13

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0114	Pinturas e vernices	185	10
			4º e 5º	CM0116	Revestimentos continuos conglomerados	200	11
			4º e 5º	CM0117	Revestimentos en láminas	110	6
			4º e 5º	CM0118	Seguridade na construción	110	6
			6º	CM0103	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM08002	Obras de albanelaria	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0097	Conducións lineais sen presión	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0108	Obras de fábrica	350	13
			1º, 2º e 3º	CM0111	Organización dos traballos de obras de albanelaria	320	12
			4º e 5º	CM0098	Cubertas e impermeabilizacións	240	13
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	3
			4º e 5º	CM0116	Revestimentos continuos conglomerados	200	11
			4º e 5º	CM0118	Seguridade na construción	110	6
			6º	CM0104	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM08003	Obras de formigón	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0096	Armaduras	375	14
			1º, 2º e 3º	CM0097	Conducións lineais sen presión	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0112	Organización dos traballos de obras de formigón	320	12
			4º e 5º	CM0100	Encofrados e esteamentos	165	9
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0107	Formigón	145	8
			4º e 5º	CM0115	Prefabricados estruturais	130	7
			4º e 5º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	3
			4º e 5º	CM0118	Seguridade na construción	110	6
			6º	CM0105	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	55	2
CM08004	Operación e mantemento de maquinaria de construción	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0199	Elevación e desprazamento de cargas	105	4
			1º, 2º e 3º	CM0101	Escavacións e demolicións	370	14
			1º, 2º e 3º	CM0110	Organización dos traballos de maquinaria de construción	350	13
			4º e 5º	CM0102	Firmes	295	16
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0118	Seguridade na construción	110	6
			4º e 5º	CM0120	Sondaxes e perforacións	200	11
			6º	CM0106	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	55	2
CM09001	Equipamentoss electrónicos de consumo	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0124	Electrónica dixital e microprogramable	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0125	Electrónica xeral	215	8
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0132	Instalacións básicas	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0138	Sistemas electrónicos de información	130	5
			4º e 5º	CM0122	Calidade	55	3
			4º e 5º	CM0126	Equipamentos de imaxe	200	11
			4º e 5º	CM0127	Equipamentos de son	185	10
			4º e 5º	CM0128	Equipamentos microinformáticos e terminais de telecomunicación	220	12
			6º	CM0129	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM09002	Equipamentos e instalacións electrotécnicas	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0121	Automatismos e cadros eléctricos	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0122	Calidade	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0123	Electrotecnia	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0134	Instalacións eléctricas de interior	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0137	Seguridade nas instalacións eléctricas	55	2
			4º e 5º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena	80	4

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'
					empresa		
			4º e 5º	CM0131	Instalacións automatizadas en vivendas e edificios	130	7
			4º e 5º	CM0133	Instalacións eléctricas de enlace e centros de transformación	130	7
			4º e 5º	CM0135	Instalacións singulares en vivendas e edificios	160	9
			4º e 5º	CM0136	Mantemento de máquinas eléctricas	160	9
			6º	CM0130	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	75	3
CM10001	Soldadura e caldeiraria	2.000					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0143	Desenvolvementos xeométricos en construcións metálicas	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0151	Mecanizado en construcións metálicas	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0RCT	Relacións no contorno de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0160	Soldadura en atmosfera natural	345	13
			4º e 5º	CM0139	Calidade en construcións metálicas	55	3
			4º e 5º	CM0153	Montaxe de construcións metálicas	165	9
			4º e 5º	CM0156	Seguridade nas industrias de construcións metálicas	55	3
			4º e 5º	CM0161	Soldadura en atmosfera protexida	260	14
			4º e 5º	CM0164	Trazado e conformado en construcións metálicas	125	7
			6º	CM0146	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM10002	Fundición	1.400					
			1º, 2º e 3º	CM0140	Control das características do produto fundido	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0150	Fusión e coada	185	7
			1º, 2º e 3º	CM0152	Metalurxia da fundición	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0157	Seguridade nas industrias de fabricación mecánica	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0158	Sistemas auxiliares de fabricación mecánica	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0159	Sistemas de moldeo e macharía	215	8
			4º	CM0147	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	55	2
CM10003	Mecanizado	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0145	Fabricación por arrinque de labra	345	13
			1º, 2º e 3º	CM0154	Preparación e programación de máquinas de fabricación mecánica	320	12
			1º, 2º e 3º	CM0155	Procedementos de mecanizado	160	6
			1º, 2º e 3º	CM0157	Seguridade nas industrias de fabricación mecánica	55	2
			4º e 5º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	4
			4º e 5º	CM0141	Control das características do produto mecanizado	145	8
			4º e 5º	CM0144	Fabricación por abrasión, conformado e procedementos especiais	195	11
			4º e 5º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	3
			4º e 5º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	3
			4º e 5º	CM0158	Sistemas auxiliares de fabricación mecánica	130	7
			6º	CM0148	Formación en centros de traballo	380	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	80	3
CM10004	Tratamentos superficiais e térmicos	1.400					
			1º, 2º e 3º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0142	Control das características do produto tratado	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0157	Seguridade nas industrias de fabricación mecánica	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0158	Sistemas auxiliares de fabricación mecánica	130	5
			1º, 2º e 3º	CM0162	Tratamentos superficiais	240	9
			1º, 2º e 3º	CM0163	Tratamentos térmicos	160	6
			4º	CM0149	Formación en centros de traballo	440	0
			1º, 2º e 3º	CMHADC	Horas á disposición do centro	55	2
CM10005	Xoiaría	2.000					
			1º, 2º e 3º	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55	2
			1º, 2º e 3º	CM0373	Materiais empregados en fabricación de xoiaría	80	3
			1º, 2º e 3º	CM0368	Microfusión	85	3
			1º, 2º e 3º	CM0367	Modelado en cera de pezas de xoiaría	115	6
			1º, 2º e 3º	CM0370	Operacións básicas en xoiaría	370	15
			1º, 2º e 3º	CM0374	Representación gráfica en xoiaría	110	4
			4º e 5º	CMAXCE	Administración, xestión e comercialización na pequena empresa	80	4
			4º e 5º	CM0372	Engastado	200	10
			4º e 5º	CM0371	Fabricación en xoiaría	180	9
			4º e 5º	CM0369	Mecanizado en xoiaría por CNC	140	7

Código ciclo	Ciclo formativo	Duración ciclo (h)	Trimestre	Código módulo	Módulo	Horas	Sesións de 50'
